

REVISTA
GALLEGA
DE
DIREITO
SOCIAL

SELECCIÓN DE SENTENCIAS

Sentencia do Tribunal de Xustiza (Sala Sexta) do 7 de novembro de 2002

«Regulamento (CEE) n. 1.408/71 - Prestacións familiares - Subsidio por garda dun fillo a domicilio - Requisito de residencia do fillo»

No asunto C-333/00,

que ten por obxecto unha petición dirixida ó Tribunal de Xustiza, conforme ó artigo 234 CE, polo Tarkastuslautakunta (Finlandia), destinada a obter, nun procedemento incoado por

Eila Päivikki Maaheimo,

unha decisión prexudicial sobre a interpretación dos artigos 4, apartado 1, letra h), 10 bis, 73 e 75 do Regulamento (CEE) n. 1.408/71 do Consello, do 14 de xuño de 1971, relativo á aplicación dos réximes de seguridade social ós traballadores por conta allea, ós traballadores por conta propia e ós membros das súas familias que se desprazan dentro da Comunidade, na súa versión modificada e actualizada polo Regulamento (CE) n. 118/97 do Consello, do 2 de decembro de 1996 (DON 1997, L 28, p. 1),

O Tribunal de Xustiza (Sala Sexta),

integrado polo Señor R. Schintgen, Presidente da Sala Segunda en funcións de Presidente da Sala Sexta, o Señor V. Skouris, as Señoritas F. Macken e N. Colneric (Relator) e o Señor J.N. Cunha Rodrigues, Xuíces;

Avogado Xeral: Señor F.G. Jacobs;

Secretaría: Señora L. Hewlett, administradora;

consideradas as observacións escritas presentadas e considerando o informe para a vista;

oídas as observacións orais do Goberno finlandés e da Comisión, expostas na vista do 10 de xaneiro de 2002;

oídas as conclusións do Avogado Xeral, presentadas en audiencia pública o 7 de marzo de 2002;

dicta a seguinte

SENTENCIA

1. Mediante resolución do 31 de maio de 2000, recibida no Tribunal de Xustiza o 11 de setembro seguinte, o Tarkastuslautakunta (a partir deste momento, «Comisión de recursos en materia de seguridade social») formulou, conforme ó artigo 234 CE, tres cuestións prexudiciais sobre a interpretación dos artigos 4, apartado 1, letra h), 10 bis, 73 e 75 do Regulamento (CEE) n. 1.408/71 do Consello, do 14 de xuño de 1971, relativo á aplicación dos réximes de seguridade social ós traballadores por conta allea, ós traballadores por conta propia e ós membros das súas familias que se desprazan dentro da Comunidade, na súa versión modificada e actualizada polo Regulamento (CE) n. 118/97 do Consello, do 2 de decembro de 1996 (DON 1997, L 28, p. 1; a partir deste momento, «Regulamento n. 1.408/71»).

2. As devanditas cuestións suscitarónse no marco dun litixio entre a Señora Maaheimo e a Kansaneläkelaitos (Caixa nacional de xubilacións), relativo á negativa desta última a pagar á Señora Maaheimo o subsidio por garda dun fillo a domicilio previsto na laki (1.128/1996) lasten kotihoidon ja yksityisen hoidon tosta (Lei sobre o subsidio por garda dun fillo a domicilio e por custodia privada; a partir deste momento, «Lei sobre o subsidio por garda dun fillo a domicilio»).

Normativa comunitaria

3. O artigo 4, apartado 1, letra h), do Regulamento n. 1.408/71 dispón:

«O presente Regulamento aplicarase a tódalas lexislacións relativas ás ramas de seguridade social relacionadas con:

[...]

h) as prestacións familiares.»

4. O artigo 1, letra ou), inciso i) do referido Regulamento define as «prestacións familiares» como «tódalas prestacións en especie ou en metálico destinadas a compensar as cargas familiares no marco dunha lexislación

prevista na letra h) do apartado 1 do artigo 4, con exclusión dos subsidios especiais por natalidade ou adopción mencionados no Anexo II».

5. A teor do artigo 4, apartado 4, do Regulamento n. 1.408/71, queda excluída do ámbito de aplicación material deste Regulamento, entre outras, «a asistencia social e médica».

6. O artigo 14, apartado 1, letra a), do Regulamento n. 1.408/71 prevé que «a persoa que exerza unha actividade por conta allea no territorio dun Estado membro ó servizo dunha empresa da que dependa normalmente e destacada no territorio doutro Estado membro por esta empresa co fin de efectuar alí un traballo pola súa conta, quedará suxeita á lexislación do primeiro Estado membro, a condición de que a duración previsible deste traballo non exceda de doce meses [...]».

7. O artigo 73 do Regulamento n. 1.408/71 dispón:

«O traballador por conta allea ou por conta propia sometido á lexislación dun Estado membro terá dereito, para os membros da súa familia que residan no territorio doutro Estado membro, ás prestacións familiares previstas pola lexislación do primeiro Estado, coma se residiren no territorio deste [...]».

8. En virtude do artigo 75, apartado 1, primeira frase, do Regulamento n. 1.408/71, as prestacións familiares serán aboadas, nos casos a que se refire o artigo 73 do devandito Regulamento, pola institución competente do Estado á lexislación do cal estea sometido o traballador por conta allea ou por conta propia. A teor da segunda frase deste apartado, tales prestacións serán aboadas de conformidade coas disposicións que apliquen as devanditas institucións, tanto se a persoa física ou xurídica á que deben aboarse tales prestacións reside, permanece ou ten a súa sede no territorio do Estado competente ou no territorio doutro Estado membro.

9. Segundo o seu artigo 4, apartado 2 *bis*, letra a), o Regulamento n. 1.408/71 aplicárase ás prestacións especiais de carácter non contributivo suxeitas á lexislación ou a un réxime distinto dos mencionados no apartado 1 do mesmo artigo, cando as devanditas prestacións vaian destinadas a cubrir con carácter supletorio, complementario ou accesorio, as contingencias correspondentes ás ramas contempladas no citado apartado 1. O artigo 10

bis, apartado 1, do Regulamento n. 1.408/71 dispón que as persoas ás que se aplica este Regulamento se beneficiarán das prestacións especiais en metálico de carácter non contributivo mencionadas no artigo 4, apartado 2 *bis*, do mencionado Regulamento exclusivamente no territorio do Estado membro en que residan e conforme á lexislación do devandito Estado, sempre que estas prestacións se mencionen no anexo II *bis* do devandito Regulamento. A República de Finlandia non incluíu o subsidio por garda dun fillo a domicilio no devandito anexo.

Lexislación nacional

10. Conforme á laki (36/1973) lasten päivähoidosta (Lei sobre a garda dos fillos; a partir deste momento, «Lei sobre a garda dos fillos»), en Finlandia, tódolos pais ou calquera persoa que teña un fillo ó seu cargo teñen dereito a unha praza nunha gardería municipal dende o momento en que expire o período de abono da prestación de paternidade e ata que o fillo alcance a idade de escolarización obrigatoria. Segundo o artigo 11 *bis*, apartado 1, desta lei o municipio velará por que se ofrezca este servizo de garda dos fillos ós que teñan dereito a iso. En virtude do apartado 2 deste mesmo artigo, os pais que non opten pola utilización dunha gardería terán dereito a un subsidio en virtude da Lei sobre o subsidio por garda dun fillo a domicilio.

11. Segundo o artigo 1 da Lei sobre o subsidio por garda dun fillo a domicilio, a finalidade desta prestación é regula-lo dereito á axuda financeira concedida para organiza-la garda do fillo como alternativa ó seu envío á gardería previsto pola Lei sobre garda dos fillos. A teor do artigo 3, parágrafo primeiro, da Lei sobre o subsidio por garda dun fillo a domicilio, «aboaase o subsidio previsto pola presente Lei sempre que os pais ou calquera persoa que teña un fillo ó seu cargo non decidan enviálo ó servizo de garda considerado no artigo 11 *bis*, apartado 1, da Lei sobre a garda dos fillos e que o fillo viva realmente en Finlandia».

12. Segundo o artigo 2 da Lei sobre o subsidio por garda dun fillo a domicilio, entenderase por «subsidio de garda dun fillo a domicilio», un subsidio aboadado ós pais ou a calquera persoa que teña un fillo o seu cargo para organiza-la súa custodia e que inclúa unha cantidade básica (hoitoraha) e, no seu

caso, un complemento de custodia (hoitolisä). A cantidade básica abóase por cada fillo dunha familia e varía en función da idade e do número de fillos. O complemento de custodia, que se define no artigo 5 da Lei sobre o subsidio por garda dun fillo a domicilio, abónase integramente a un só fillo por familia se os ingresos mensuais da familia son inferiores ós niveis máximos de recursos determinados en función do número de membros da familia.

13. Ademais, o artigo 20 da citada Lei, autoriza un subsidio en forma de suplemento municipal (kunnallinen lisä). Este precepto dispón que «non obstante o disposto na presente Lei acerca da cantidade básica e do complemento do subsidio por garda, o municipio poderá decidir que se aboe unha cantidade suplementaria ademais da cantidade básica e do complemento de custodia (suplemento municipal)». Sen embargo as cuestións prexudiciais non versan sobre este subsidio.

14. Incumbe ós municipios financia-la organización da garda. Sen embargo, en virtude do artigo 8 da Lei sobre o subsidio por garda dun fillo a domicilio, corresponde á Caixa nacional de pensións efectuar as operacións previstas pola lei. Polo que atinxe ó financiamento do subsidio por garda dun fillo a domicilio, o artigo 9 da citada lei dispón que o municipio reembolsará os gastos que ocasione este subsidio á Caixa nacional de pensións.

O litixio principal

15. A Señora Maaheimo, parte demandante no procedemento principal, posúe a nacionalidade finlandesa ó igual que o seu marido e os seus fillos. Ó obter un permiso parenteral, puido ocuparse dos seus fillos na casa. A partir do 8 de xaneiro de 1998, percibiu o subsidio por garda dun fillo a domicilio. Durante o período abranguido entre o 1 de maio de 1998 e o 30 de abril de 1999, o seu marido foi desprazado a Alemaña. Entre o 10 de xullo de 1998 e o 31 de marzo de 1999, a Señora Maaheimo residiu cos seus fillos no domicilio do seu marido en Alemaña. Segundo a Señora Maaheimo, o seu domicilio permanente seguiu estando en Helsinki. Durante este período, toda a familia estaba legalmente cuberta pola seguridade social finlandesa.

16. Mediante resolución do 27 de agosto de 1998, a Caixa nacional de pensións deixou de aboar á Señora Maaheimo o subsi-

dio por garda dun fillo a domicilio a partir do 10 de agosto de 1998. Esta resolución adoptouse conforme ó artigo 3, parágrafo primeiro, da Lei sobre o subsidio por garda dun fillo a domicilio dado que, de feito, os fillos non residían en Finlandia.

17. O recurso interposto pola Señora Maaheimo contra a devandita resolución ante a Comisión do seguro de enfermidade foi desestimado mediante decisión do 1 de marzo de 1999. O 31 de marzo de 1999, a demandante recorreu en apelación ante a Comisión de recursos en materia de seguridade social co fin de que se anulase a resolución da Comisión do seguro de enfermidade e para que se obrigase á Caixa nacional de pensións a seguir pagando o subsidio.

18. En tales circunstancias, esta Comisión, organismo autónomo que resolve en última instancia sobre os recursos de apelación en materia de subsidio por garda dun fillo a domicilio, decidiu suspenderlo procedemento e formular ó Tribunal de Xustiza as cuestións prexudiciais seguintes:

«1) O subsidio por garda dun fillo a domicilio, concedido conforme á laki lasten kotihoidon tosta ja yksityisen hoidon tosta (Lei sobre o subsidio por garda dun fillo a domicilio e por custodia privada), ¿está comprendido no ámbito de aplicación do Dereito comunitario como prestación familiar no sentido do artigo 4, apartado 1, letra h), do Regulamento (CEE) n. 1.408/71 do Consello, do 14 de xuño de 1971, relativo á aplicación dos réximes de seguridade social ós traballadores por conta allea, ós traballadores por conta propia e ós membros das súas familias que se desprazan dentro da Comunidade, na súa versión modificada e actualizada polo Regulamento (CEE) n. 2001/83 do Consello, do 2 de xuño de 1983, modificada á súa vez polo Regulamento (CEE) n. 3427/89 do Consello, do 30 de outubro de 1989?

2) Se é así, e habida conta do artigo 10 *bis* do citado Regulamento e do feito de que non se menciona a Lei finlandesa no anexo II *bis* do Regulamento, ¿esixen os artigos 73 e 75 do Regulamento n. 1.408/71 que se aboe o subsidio por garda dun fillo a domicilio a un fillo da familia do traballador por conta allea que se acha temporalmente en desprazamento noutro Estado membro, tamén no suposto de que non se cumpra o requisito de residencia efectiva previsto na lexislación nacional, o cal ten como resultado que a fami-

lia non poida optar, tal como a Lei prevé, entre unha praza nunha gardería municipal e o subsidio por garda dun fillo a domicilio ou que non se exercitara realmente a devandita opción?

3) Se o subsidio por garda dun fillo a domicilio non está comprendido no ámbito de aplicación do Dereito comunitario en virtude das disposicións antes citadas, ¿existen outras normas do citado Dereito que esixan o seu pagamento noutro Estado membro no caso contemplado no punto 2?

Sobre as cuestións prexudiciais

19. Convén destacar que, habida conta da data en que se produciron os feitos do asunto principal, a versión aplicable do Regulamento n. 1.408/71 resulta se-la modificada e actualizada polo Regulamento n. 118/97, de forma que é esta última versión a que debe interpretarse. Non obstante, debe subliñarse que as disposicións aplicables do Regulamento n. 1.408/71 seguen sendo esencialmente as mesmas.

Sobre a primeira cuestión

20. Mediante a súa primeira cuestión, o órgano xurisdiccional remitente pide, en esencia, que se dilucide se un subsidio como o subsidio por garda dun fillo a domicilio, que é obxecto do litixio principal, pode considerarse como unha prestación familiar no sentido do artigo 4, apartado 1, letra h), do Regulamento n. 1.408/71.

21. O Goberno finlandés sostén, en primeiro lugar, que o subsidio por garda dun fillo a domicilio non se refire a unha das continxencias enumeradas no artigo 4, apartado 1, do Regulamento n. 1.408/71, senón que se trata dunha asistencia social no sentido do apartado 4, do mesmo artigo. O citado Goberno refírese, a este respecto, á sentenza do 11 de xuño de 1998, Kuusijärvi (C-275/96, Rec. p. I-3419), apartado 60, na cal o Tribunal de Xustiza indicou que debe asimilarse a unha prestación familiar unha prestación a finalidade da cal sexa permitir a un dos pais dedicarse á educación dun fillo de curta idade, máis en concreto, retribuí-la educación dispensada ó fillo, compensa-los demais gastos de custodia e educación e, no seu caso, atenua-los inconvenientes económicos que implica a renuncia a un ingreso procedente dunha actividade profesional. Agora ben, no presente caso, o des-

frute do subsidio por garda dun fillo a domicilio non implica que sexa o propio pai quen custodie o fillo na casa nin que se retire da vida profesional debido a esta custodia. A finalidade do devandito subsidio é a organización da custodia do fillo durante o día. Polo tanto, non está destinado a cubri-los gastos familiares, senón que forma parte dunha organización municipal de servizos sociais.

22. Sobre este particular, debe recordarse que, segundo reiterada xurisprudencia, unha prestación só pode considerarse como unha prestación de seguridade social se se concede ós beneficiarios sobre a base dunha situación legalmente definida, á marxe de calquera apreciación individual e discrecional das necesidades persoais (ver a, en particular, as sentencias do 16 de xullo de 1992, Hughes, C-78/91, Rec. p. I-4839, apartado 15, e do 15 de marzo de 2001, Offermans, C-85/99, Rec. p. I-2261, apartado 28).

23. Unha prestación como o subsidio por garda dun fillo a domicilio, controvertido no asunto principal, cumpre este requisito: as disposicións relativas á concesión do devandito subsidio confiren ós beneficiarios un dereito legalmente definido e a cantidade básica, ó igual que o complemento de custodia, concédense automaticamente a aquelas persoas que cumpran determinados criterios obxectivos, á marxe de calquera apreciación individual e discrecional das necesidades persoais.

24. Unha prestación como a que se cuestiona no asunto principal está comprendida así mesmo na definición das prestacións familiares e, polo tanto, garda relación coa continxencia mencionada no artigo 4, apartado 1, letra h), do Regulamento n. 1.408/71. En efecto, está destinada a compensa-las cargas familiares no sentido do artigo 1, letra ou), inciso i), do citado Regulamento.

25. Como declarou o Tribunal de Xustiza no apartado 41 da sentenza Offermanns, antes citada, a expresión «compensa-las cargas familiares», que figura no artigo 1, letra ou), inciso i), do Regulamento n. 1.408/71, que define as «prestacións familiares», debe interpretarse no sentido de que se refire, en particular, a unha contribución pública ó presuposto familiar, destinada a alixeira-las cargas derivadas da manutención dos fillos.

26. Ben é verdade que unha das finalidades da Lei sobre o subsidio por garda dun fillo a domicilio é organiza-la custodia dos fillos. Sen embargo, da resolución de remisión

despréndese que o subsidio por garda dun fillo a domicilio ten tamén a finalidade de compensa-los gastos de custodia e de educación e, desta forma, alixeira-las cargas financeiras. Por conseguinte, existe unha estreita conexión entre as cargas familiares e o subsidio controvertido no asunto principal, de forma que unha prestación como o subsidio por garda dun fillo a domicilio debe reputarse unha prestación familiar no sentido do artigo 4, apartado 1, letra h), do Regulamento n. 1.408/71.

27. En segundo lugar, o Goberno finlandés alega que corresponde ó municipio no territorio do cal resida a familia preve-las prazas nunha gardería pública e cargar co custo do subsidio por garda dun fillo a domicilio aboado ós pais. Dado que o dereito a unha praza nunha gardería pública está suxeito a un requisito de residencia, tamén a concesión do subsidio debe estar supeditada a este requisito.

28. Sobre este particular, abonda sinalar que o dereito ó subsidio por garda dun fillo a domicilio non está supeditado en modo ningún á falta de prazas nunha gardería pública e tampouco depende dunha solicitude anterior encamiñada a conseguir unha destas prazas. O propio Goberno finlandés recoñeceu durante a vista que os pais teñen liberdade para optar entre unha praza nunha gardería pública e a percepción do subsidio por garda do fillo a domicilio.

29. Procede, pois, responder á primeira cuestión que unha prestación como o subsidio por garda dun fillo a domicilio previsto pola Lei sobre o subsidio por garda dun fillo a domicilio constitúe unha prestación familiar no sentido do artigo 4, apartado 1, letra h), do Regulamento n. 1.408/71.

Sobre a segunda cuestión

30. Conforme ó artigo 14, punto 1, letra a) do Regulamento n. 1.408/71, un traballador desprazado quedará suxeito á lexislación do Estado no cal residan normalmente el e a súa familia -no asunto principal a lexislación finlandesa- a condición de que a duración previsible do traballo que haxa de efectuarse non exceda de doce meses.

31. Segundo o artigo 73 do Regulamento n. 1.408/71, o traballador por conta allea que estea sometida á lexislación dun Estado membro terá dereito, para os membros da súa familia que residan no territorio doutro Estado membro, ás prestacións familiares pre-

vistas pola lexislación do primeiro Estado, coma se residisen no territorio deste.

32. Procede subliñar que, conforme á xurisprudencia do Tribunal de Xustiza (ver a, neste sentido, as sentencias do 19 de febreiro de 1981, Beeck, 104/80, Rec. p. 503, apartados 7 e 8; Hughes, antes citada, apartado 28, e de 10 de outubro de 1996, Hoefer e Zachow, asuntos acumulados C-245/94 e C-312/94, Rec. p. I-4895, apartado 38, e Kuusijärvi, antes citada, apartado 69), o artigo 73 do Regulamento n. 1.408/71 é aplicable a un traballador que viva coa súa familia nun Estado membro distinto daquel a lexislación do cal lle sexa aplicable.

33. Cando este é o caso, o cónxuxe do traballador ten tamén dereito a invoca-lo citado artigo (ver a sentencia Hoefer e Zachow, antes citada, apartado 38).

34. Segundo declarou o Tribunal de Xustiza en repetidas ocasións, a finalidade do artigo 73 do Regulamento n. 1.408/71 é impedir que un Estado membro poida facer depender a concesión dunha prestación familiar da residencia dos membros da familia do traballador no Estado membro que as outorga, co obxecto de non disuadi-lo traballador comunitario de exercer-lo seu dereito á libre circulación (ver, en particular, a sentencia do 12 de xuño de 1997, Meiriño García, C-266/95, Rec. p. I-3279, apartado 28). Por conseguinte, é con maior motivo contrario á finalidade do devandito artigo establecer un requisito de residencia efectiva.

35. A circunstancia de que un proxenitor, como a demandante no asunto principal, non poida xa optar por envia-lo seu fillo a unha gardería municipal non desvirtúa esta conclusión. En efecto, segundo se sinalou no apartado 28 da presente sentencia, os pais son libres para optar entre envia-los seus fillos a unha gardería pública e percibi-lo subsidio por garda dun fillo a domicilio.

36. Os artigos 75 e 10 *bis* do Regulamento n. 1.408/71, que o órgano xurisdiccional remitente menciona a este respecto, non invalidan esta conclusión. En efecto, o artigo 75 non establece unha excepción ó artigo 73 do referido Regulamento. Polo que atinxe ó artigo 10 *bis* tan só atinxe ás prestacións especiais non contributivas contempladas no anexo II *bis* do propio Regulamento. Dado que o subsidio finlandés por garda a domicilio non se menciona neste anexo, o artigo 10 *bis* non é aplicable.

37. Polo tanto, unha persoa que se atope nunha situación como a da demandante no asunto principal pode alega-lo disposto no artigo 73 do Regulamento n. 1.408/71.

38. Á vista de todo o anterior, procede responder á segunda cuestión que o artigo 73 do Regulamento n. 1.408/71 debe interpretarse no sentido de que, se a concesión dunha prestación como o subsidio por garda dun fillo a domicilio, controvertido no asunto principal, depende da residencia efectiva do fillo no territorio do Estado membro competente, debe considerarse cumprimento este requisito cando o fillo resida no territorio doutro Estado membro.

Sobre a terceira cuestión

39. Habida conta da resposta dada á primeira cuestión, non procede responder á terceira cuestión.

Costas

40. Os gastos efectuados polo Goberno finlandés e pola Comisión, que presentaron observacións ante este Tribunal de Xustiza, non poden ser obxecto de reembolso. Dado que o procedemento ten, para as partes do litixio principal, o carácter dun incidente promovido ante o órgano xurisdiccional nacional, corresponde a este resolver sobre as costas.

En virtude de todo o exposto,

O Tribunal de Xustiza (Sala Sexta),

pronunciándose sobre as cuestións formuladas polo Tarkastuslautakunta mediante resolución do 31 de maio de 2000, declara:

1) Unha prestación como o subsidio por garda dun fillo a domicilio previsto pola laki (1.128/1996) lasten kotihoidon ja yksityisen hoidon tosta (Lei finlandesa sobre o subsidio por garda dun fillo a domicilio e por custodia privada) constitúe unha prestación familiar, no sentido do artigo 4, apartado 1, letra h), do Regulamento (CEE) n. 1.408/71 do Consello, do 14 de xuño de 1971, relativo á aplicación dos réximes de seguridade social ós traballadores por conta allea, ós traballadores por conta propia e ós membros das súas familias que se desprazan dentro da Comunidade, na súa versión modificada e actualizada polo Regulamento (CE) n. 118/97 do Consello, do 2 de decembro de 1996.

2) O artigo 73 do Regulamento n. 1.408/71, na súa versión modificada e actualizada polo Regulamento n. 118/97, debe interpretarse no sentido de que, se a concesión dunha prestación como o subsidio por garda dun fillo a domicilio, controvertido no asunto principal, depende da residencia efectiva do fillo no territorio do Estado membro competente, debe considerarse cumprimento este requisito cando o fillo resida no territorio doutro Estado membro.

Pronunciada en audiencia pública en Luxemburgo, a 7 de novembro de 2002.

Sentenciado Tribunal de Xustiza (Sala Sexta) do 24 de setembro de 2002

«Regulamento (CEE) n. 1.408/71 - Artigos 77 e 78 - Titulares de pensións debidas en virtude das lexislacións de varios Estados membros - Titulares de pensións debidas en virtude dun convenio de seguridade social entre Estados membros anterior a unha adhesión ás Comunidades Europeas - Prestacións por fillos a cargo e por orfos de titulares de pensións - Dereito a prestacións familiares a cargo da institución competente dun Estado membro distinto do de residencia - Requisitos para a súa concesión»

No asunto C-471/99,

que ten por obxecto unha petición dirixida ó Tribunal de Xustiza, conforme ó artigo 234 CE, polo Sozialgericht Nürnberg (Alemaña), destinada a obter, nos litixios pendentes ante o devandito órgano xurisdiccional entre

Alfredo Martínez Domínguez,

Joaquín Benítez Urbano,

Agapito Mateos Cruz,

Carmen Calvo Fernández

e

Bundesanstalt für Arbeit, Kindergeldkasse,

unha decisión prexudicial sobre a interpretación dos artigos 77, apartado 2, letra b), e 78, apartado 2, letra b), en relación co artigo 79, apartado 1, do Regulamento (CEE) n. 1.408/71 do Consello, do 14 de xuño de 1971, relativo á aplicación dos réximes de seguridade social ós traballadores por conta allea, ós traballadores por conta propia e ós membros das súas familias que se desprazan dentro da Comunidade, na súa versión modificada e actualizada polo Regulamento (CEE) n. 2.001/83 do Consello, do 2 de xuño de 1983 (DON L 230, p. 6; EE 05/03, p. 53),

O Tribunal de Xustiza (Sala Sexta),

integrado pola Señora F. Macken, Presidenta de Sala, e os Sres. C. Gulmann (Relator), R. Schintgen, V. Skouris e J.N. Cunha Rodrigues, Xuíces;

Avogado Xeral: Señor A. Tizzano;

Secretaria: Señora L. Hewlett, administradora;

consideradas as observacións escritas presentadas e considerando o informe para a vista;

oídas as observacións orais do Goberno alemán, representado pola Señora B. Muttelsee-Schön, e da Comisión, representada polo Señor J. Sack, en calidade de axente, expostas na vista do 11 de outubro de 2001;

oídas as conclusións do Avogado Xeral, presentadas en audiencia pública o 7 de febreiro de 2002;

dicta a seguinte

SENTENCIA

1. Mediante resolución do 22 de novembro de 1999, recibida no Tribunal de Xustiza o 9 de decembro seguinte, o Sozialgericht Nürnberg formulou, conforme ó artigo 234 CE, dúas cuestións prexudiciais sobre a interpretación dos artigos 77, apartado 2, letra b), e 78, apartado 2, letra b), en relación co artigo 79, apartado 1, do Regulamento (CEE) n. 1.408/71 do Consello, do 14 de xuño de 1971, relativo á aplicación dos réximes de

seguridade social ós traballadores por conta allea, ós traballadores por conta propia e ós membros das súas familias que se desprazan dentro da Comunidade, na súa versión modificada e actualizada polo Regulamento (CEE) n. 2001/83 do Consello, do 2 de xuño de 1983 (DON L 230, p. 6; EE 05/03, p. 53; a partir deste momento, «Regulamento»).

2. As devanditas cuestións suscitarónse no marco de catro litixios entre, respectivamente, os Sres. Martínez Domínguez, Benítez Urbano e Mateos Cruz e a Señora Calvo Fernández, nacionais españois residentes en España, e a Bundesanstalt für Arbeit, Kindergeldkasse (Instituto Federal do Traballo, Caixa de prestacións familiares; a partir deste momento, «BAK»), a raíz de que esta denegase as prestacións familiares que os primeiros solicitaran.

Normativa comunitaria

3. O artigo 77 do Regulamento dispón, baixo o epígrafe «Fillos a cargo de titulares de pensións ou de rendas», o seguinte:

«1. O termo prestacións no sentido con que se utiliza no presente artigo, designa ós subsidios familiares previstos para os titulares de pensións ou de rendas de velez, de invalidez, de accidente de traballo ou de enfermidade profesional, así como ós incrementos ou ós suplementos desas pensións ou rendas, establecidos en favor dos fillos dos devanditos titulares, coa excepción dos suplementos concedidos en virtude do seguro de accidentes de traballo e enfermidades profesionais.

2. As prestacións serán concedidas segundo as normas seguintes, calquera que sexa o Estado membro no territorio do cal residan o titular de pensións ou de rendas, ou os fillos:

a) ó titular dunha pensión ou dunha renda debida en virtude da lexislación dun só Estado membro, segundo a lexislación do Estado membro que sexa competente en relación coa pensión ou a renda;

b) ó titular de pensións ou de rendas debidas en virtude das lexislacións de varios Estados membros:

1) conforme á lexislación daquel dos devanditos Estados no territorio dos cales reside, sempre que teña nel dereito, en virtude desa mesma lexislación, a algunha das presta-

cións a que se refire o apartado 1, habida conta, cando proceda, do disposto na letra a) do apartado 1 do artigo 79, ou

II) nos demais casos, conforme á lexislación daquel dos devanditos Estados membros baixo a que o interesado permanecera máis tempo, sempre que teña dereito, en virtude desa mesma lexislación, a algunha das prestacións a que se refire o apartado 1, habida conta, cando proceda, do disposto na letra a) do apartado 1 do artigo 79; se non ten ningún dereito ante a devandita lexislación, examínase qué dereitos pode ter ante as lexislacións dos restantes Estados membros afectados, seguindo, en escala decrecente, a orde marcada pola distinta duración dos períodos de seguro ou de residencia que cubrixa baixo as lexislacións de tales Estados membros.»

4. Baixo o epígrafe «Orfos», o artigo 78 do Regulamento dispón:

«1. O termo prestacións, no sentido con que se utiliza no presente artigo, designa os subsidios familiares e, dado o caso, os subsidios suplementarios ou especiais establecidos en favor dos orfos, así como as pensións ou as rendas de orfandade, coa excepción das rendas de orfandade concedidas en virtude do seguro de accidentes de traballo e enfermidades profesionais.

2. As prestacións en favor dos orfos serán concedidas segundo as normas seguintes, calquera que sexa o Estado membro no territorio do cal resida o orfo ou a persoa física ou xurídica que o teña de modo efectivo ó seu cargo:

a) cando se trate dun orfo dun traballador por conta allea ou por conta propia falecido que estivera suxeito á lexislación dun só Estado membro, segundo a lexislación do devandito Estado;

b) cando se trate dun orfo dun traballador por conta allea ou por conta propia falecido que estivera suxeito ás lexislacións de varios Estados membros:

I) conforme á lexislación daquel dos devanditos Estados no territorio dos cales resida o orfo, sempre que teña nel dereito, en virtude desa mesma lexislación, a algunha das prestacións a que se refire o apartado 1, habida conta, cando proceda, do disposto na letra a) do apartado 1 do artigo 79, ou

II) nos demais casos, conforme á lexislación daquel dos devanditos Estados

membros baixo a que o falecido permanecese máis tempo, sempre que teña dereito, en virtude desa mesma lexislación, a algunha das prestacións a que se refire o apartado 1, habida conta, cando proceda, do disposto na letra a) do apartado 1 do artigo 79; se non ten ningún dereito ante a devandita lexislación, examínase qué dereitos poida ter ante as lexislacións dos outros Estados membros afectados, seguindo, en escala decrecente, a orde marcada pola distinta duración dos períodos de seguro ou de residencia que tivese cubertos o traballador defunto baixo as lexislacións de tales Estados membros.

Non obstante, a lexislación do Estado membro aplicable para a concesión das prestacións referidas no artigo 77 en favor dos fillos dun titular de pensións ou de rendas, continuará sendo aplicable despois do falecemento do devandito titular para a concesión das prestacións dos seus orfos.»

5. O artigo 79 do Regulamento, titulado «Normas comúns ás prestacións en favor de menores a cargo de titulares de pensións ou de rendas e ás prestacións en favor de orfos», establece o seguinte:

«1. As prestacións, no sentido dado a este termo nos artigos 77 e 78, serán servidas e sufragada, segundo a lexislación que resulte aplicable como consecuencia do previsto nos devanditos artigos, pola institución encargada de aplicar esa mesma lexislación, coma se o titular de pensións ou de rendas, ou o falecido, estivese ou estivese sometido unicamente á lexislación do Estado competente.

Non obstante:

a) se esta lexislación prevé que a adquisición, a conservación ou a recuperación do dereito ás prestacións depende da duración dos períodos deseguro, de emprego, de actividade por conta propia ou de residencia, tal duración será determinada tendo en conta, cando proceda, o preceptuar no artigo 45 ou no 72, segundo o caso;

[...]

Normativa nacional

6. En España, o Real Decreto Lexislativo 1/1994, do 20 de xuño de 1994, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Xeral da Seguridade Social (BOE n. 154, do 29 de xuño de 1994), prevé o pagamento ós traballadores

añados e ós xubilados de prestacións familiares por cada un dos fillos cargo que non cumprira 18 anos de idade, sempre que os ingresos do beneficiario non superen unha cantidade determinada. Tamén establece o dereito ó pagamento dunha asignación por fillos minusválidos cun grao de invalidez igual ou superior ó 65%, sen límite ningún de idade nin de ingresos. Sen embargo, no caso dun fillo minusválido maior de idade, tal asignación non se concede se este último percibe a prestación autónoma asignada conforme á Lei 13/1982, de integración social dos minusválidos (LISMI), do 7 de abril de 1982 (BOA n. 103, do 30 de abril de 1982), debendo interesado opta-lo por unha ou outra prestación.

7. En Alemaña, o dereito ás prestacións familiares réxese pola Bundeskindergeldgesetz (Lei federal sobre prestacións por fillos a cargo), varias veces modificada. Ata o 31 de decembro de 1995, o dereito a prestacións por fillos a cargo existía ata que o fillo cumpría os 16 anos de idade. Este límite elevouse ós 18 anos a partir do 1 de xaneiro de 1996. O dereito a unha prestación prolóngase ata que o fillo cumpre 27 anos, en caso de que siga unha formación profesional, ou ata que cumpre 21 anos, en caso de que estea desempleado. Sen embargo, non existe límite de idade para os fillos minusválidos que non poden remedia-las súas propias necesidades. Ata o 31 de decembro de 1995 o dereito ás prestacións por fillos a cargo non dependía dos ingresos para o primeiro fillo, pero si para os fillos seguintes. Dende o 1 de xaneiro de 1996, dito dereito xa non depende dos ingresos do beneficiario.

Procedementos principais e cuestións prexudiciais

Asuntos Martínez Domínguez, Benítez Urbano e Mateos Cruz

8. Os Sres. Martínez Domínguez, Benítez Urbano e Mateos Cruz traballaron en Alemaña como traballadores emigrantes. Cada un deles percibe unha pensión en España e unha pensión en Alemaña.

9. En Alemaña os Sres. Martínez Domínguez e Mateos Cruz perciben pensións de invalidez e o Señor Benítez Urbano, unha pensión de velez. Sen embargo, só obtiveron o seu dereito a pensión gracias ó cómputo das cotizacións aboadas en España.

10. En 1996 e 1997, os tres interesados solicitaron á BAK a concesión de prestacións familiares. O Señor Martínez Domínguez solicitou prestacións familiares por un fillo menor de 18 anos, dado que en España non podía obtelas por supera-lo límite máximo de ingresos previsto polo Real Decreto Lexislativo 1/1994. O Señor Benítez Urbano solicitou prestacións familiares por un fillo minusválido maior de 18 anos e o Señor Mateos Cruz, por tres fillos maiores de 18 anos que seguían cursando estudos e polos cales percibira en España prestacións familiares ata o final do trimestre no que cada un deles cumprira 18 anos.

11. Estas solicitudes foron desestimadas. Os interesados presentaron contra as decisións desestimatorias reclamacións que tamén foron desestimadas. En 1997 e 1998 os interesados recorreron ante o Sozialgericht Nürnberg contra as decisións desestimatorias das súas reclamacións.

12. A BAK considera que, cando non existe un dereito a pensión baseado unicamente na lexislación alemana, o Estado de residencia é o único competente para conceder-las prestacións de que se trate.

Asunto Calvo Fernández

13. A Señora Calvo Fernández é viúva dun nacional español falecido en 1985. O seu esposo traballara como traballador emigrante en Alemaña, país no que adquirira un dereito a pensión conforme ó Convenio bilateral sobre Seguridade Social celebrado o 4 de decembro de 1973 entre a República Federal de Alemaña e o Estado Español (BGBl. 1977 II, p. 687), modificado mediante un convenio complementario do 17 de decembro de 1975 (BGBl. 1977 II, p. 722; a partir deste momento, «Convenio bilateral»). Non tiña dereito a ningunha prestación familiar en Alemaña.

14. En España fertilizáronse pensións de orfandade de pai ós tres fillos residentes en España e menores de 18 anos. Estas pensións tamén se abonaron polo mesmo concepto en Alemaña conforme ó Convenio bilateral, mesmo con posterioridade ó 1 de xaneiro de 1986, data da adhesión do Reino de España ás Comunidades Europeas, posto que o dereito a percibir tales pensións non existía aplicando unicamente a lexislación alemana.

15. En 1997 desestimouse unha solicitude presentada á BAK pola Señora Calvo Fernández co fin de obter prestacións familiares por dous dos seus fillos que continuaban a súa formación profesional despois de cumprir

18 anos. A reclamación presentada contra a decisión desestimatoria foi tamén desestimada. A Señora Calvo Fernández interpuxo un recurso ante o Sozialgericht Nürnberg contra a decisión desestimatoria da súa reclamación.

16. A BAK opuxo as mesmas obxecións que nos tres asuntos precedentes, aínda que engadiu que a situación da Señora Calvo Fernández é similar á que xa examinara el Tribunal de Xustiza na súa sentenza do 7 de maio de 1998, Gómez Rodríguez (C-113/96, Rec. p. I-2461).

17. Por considerar que a solución dos litixios pendentes ante el requiría interpreta-lo Dereito comunitario, o Sozialgericht Nürnberg resolveu suspende-lo procedemento e formular ó Tribunal de Xustiza das Comunidades Europeas as seguintes cuestións prexudiciais:

«1) ¿Debe interpretarse o artigo 77, apartado 2, letra b), do Regulamento (CEE) n. 1.408/71, en relación co artigo 79, apartado 1, do mesmo Regulamento, no sentido de que han de pagarse na súa integridade prestacións familiares por fillos a cargo de titulares de pensións -que non adquiriron o seu dereito a pensión nun Estado membro unicamente conforme á lexislación do devandito Estado, senón conforme ás normas de coordinación da lexislación social europea- cando o dereito a cargo do Estado distinto do Estado de residencia existe en relación con períodos -ou nace só a partir dun período- respecto ós cales (respecto ó cal) o dereito a percibi-las prestacións familiares legalmente previstas no Estado de residencia non existe ou extinguiuse, ben por superarse o límite de idade ou de ingresos ou ben por non se presenta-la correspondente solicitude?

2) ¿Debe interpretarse o artigo 78, apartado 2, letra b), do Regulamento (CEE) n. 1.408/71, en relación co artigo 79, apartado 1, do mesmo Regulamento no sentido de que han de pagarse na súa integridade prestacións familiares ó orfo dun traballador por conta allea ou por conta propia falecido que estivo sometido á lexislación de varios Estados membros -cando o dereito á pensión de orfandade nun Estado membro á lexislación da cal estivo sometido o traballador non nace unicamente conforme á lexislación do devandito Estado nin conforme ás normas de coordinación da lexislación social europea- cando o dereito a pensión de orfandade a cargo do Estado distinto do Estado de residencia existe en relación con períodos -ou nace só a partir dun

período- respecto ós cales (respecto ó cal) o dereito a percibi-las prestacións legalmente previstas no Estado de residencia non existe ou se extinguiu, ben por superarse o límite de idade ou de ingresos ou ben por non se presentar a correspondente solicitude?»

18. O órgano xurisdiccional nacional sinala que os catro asuntos pendentes ante el teñen en común que os dereitos a percibi-la pensión de invalidez ou de vellez e os dereitos a percibi-la pensión de orfandade fronte ó organismo alemán non existen unicamente conforme á lexislación alemana.

Sobre as cuestións prexudiciais

19. Mediante as súas dúas cuestións, que procede examinar conxuntamente, o órgano xurisdiccional nacional pregunta fundamentalmente se os artigos 77, apartado 2, letra b), e 78, apartado 2, letra b), do Regulamento, en relación co artigo 79, apartado 1, do mesmo Regulamento, deben interpretarse no sentido de que a institución competente dun Estado membro distinto do de residencia de titular dunha pensión ou dunha renda de vellez ou de invalidez ou do de residencia dos orfos dun traballador falecido está obrigada a conceder ós interesados prestacións por fillos a cargo ou prestacións de orfandade cando non se cumpren ou deixaron de cumprirse os requisitos previstos pola lexislación do Estado membro de residencia para a concesión de tales prestacións e a lexislación do outro Estado membro non reconece por si soa tal dereito de titular da pensión ou da renda ou dos orfos do traballador falecido. Pregunta así mesmo se, non obstante, nesta situación a institución competente do Estado membro distinto do de residencia pode estar obrigada a concede-las prestacións de que trata en virtude dun convenio de seguridade social celebrado entre os dous Estados membros afectados e que formaba parte das súas normativas nacionais antes da entrada en vigor do Regulamento.

20. Con carácter preliminar procede recordar que, na súa sentenza do 27 de febreiro de 1997, Bastos Moriana e outros (C-59/95, Rec. p. I-1.071), o Tribunal de Xustiza declarou que o artigo 77, apartado 2, letra b), inciso i), e o artigo 78, apartado 2, letra b), inciso i), do Regulamento deben interpretarse no sentido de que a institución competente dun Estado membro non está obrigada a conceder ós titulares de pensións ou de rendas, ou ós orfos, que residen noutro Estado mem-

bro prestacións familiares complementarias en caso de que o importe das prestacións familiares pagadas polo Estado membro de residencia sexa inferior ó das prestacións que prevé a lexislación do primeiro Estado membro, cando o dereito á pensión, á renda ou á pensión de orfandade non se adquira exclusivamente en razón dos períodos de seguro cubertos no devandito Estado.

21. No apartado 32 da sentenza Gómez Rodríguez, antes citada, o Tribunal de Xustiza precisou, polo que se refire o artigo 78, apartado 2, letra b), do Regulamento, que, cando o dereito ás prestacións no Estado de residencia desaparece por alcanzarse un límite de idade, a institución competente doutro Estado membro non está obrigada a conceder prestacións ós interesados, a menos que estes adquiriran o seu dereito no devandito Estado baseándose unicamente nos períodos de seguro cubertos neste último.

22. Esta interpretación deduciase xa, polo que se refire ós artigos 77, apartado 2, letra b), e 78, apartado 2, letra b), do Regulamento, da sentenza Bastos Moriana e outros, antes citada, que se dictou en relación con litixios que se referían non só a prestacións de maior contía que as entregadas no Estado de residencia, senón tamén a unha prestación familiar concedida por un período máis longo pola lexislación do Estado membro no que se presentou a solicitude, é dicir, debido a que o límite de idade era superior ó fixado pola lexislación do Estado membro de residencia (ver á sentenza Bastos Moriana e outros, antes citada, apartado 5, e as conclusións do Avogado Xeral Señor Fennelly no asunto que deu lugar a esta sentenza, puntos 23 e 24). Así, a expresión «prestacións familiares complementarias» empregada na devandita sentenza comprendía tanto a cuestión do pagamento da diferenza delimporde entre as prestacións aboadas no Estado membro de residencia e as concedidas noutro Estado membro como a cuestión do pagamento íntegro dunha prestación por parte da institución competente do Estado membro no que preséntase a solicitude, despois de alcanzado o límite de idade fixado pola lexislación do Estado membro de residencia.

23. A este respecto procede sinalar que as normas establecidas nos artigos 77 e 78 do Regulamento teñen por obxecto determinar cál é o Estado membro a lexislación do cal regula a concesión de prestacións por fillos a cargo de titulares de pensións ou de rendas e de presta-

cións de orfandade, de forma que tales prestacións se conceden, en principio, unicamente conforme á lexislación do devandito Estado membro (sentencia Bastos Moriana e outros, antes citada, apartado 15), conforme ó principio de unicidade da lei aplicable enunciado no artigo 13, apartado 1, do Regulamento.

24. Pois ben, segundo xurisprudencia reiterada, os Estados membros son os únicos competentes para determina-lo nivel das prestacións que conceden e a súa duración (sentencia Gómez Rodríguez, antes citada, apartado 28).

25. Por conseguinte, cando, nos supostos considerados nos artigos 77, apartado 2, letra b), inciso i), e 78, apartado 2, letra b), inciso i), do Regulamento, non se cumpre ou deixou de cumprir un dos requisitos esixidos pola lexislación do Estado membro de residencia para a concesión dunha prestación, por exemplo, como sucede nos procedementos principais, un límite máximo de ingresos, unha opción en favor da prestación controvertida ou un límite de idade dos fillos, o solicitante da prestación non pode invoca-lo criterio de vinculación previsto nos artigos 77, apartado 2, letra b), inciso ii), e 78, apartado 2, letra b), inciso ii), do Regulamento fronte á institución competente doutro Estado membro, a menos que, conforme ás sentencias Bastos Moriana e outros e Gómez Rodríguez, antes citadas, o seu dereito a pensión ou a renda, ou o dereito do orfo do traballador falecido, exista unicamente en virtude da lexislación deste Estado. A este respecto, debe precisarse que incumbe ó órgano xurisdiccional nacional aprecia-la concorrencia deste último requisito, que é unha cuestión de Dereito interno.

26. Procede sinalar que, no cuarto asunto principal, os dereitos a pensión do orfo do traballador falecido xeráronse en Alemaña con anterioridade o 1 de xaneiro de 1986 non só de acordo coa lexislación alemana senón, ó igual que os do propio traballador antes do seu falecemento, en virtude do Convenio bilateral. Segundo as informacións proporcionadas polo Goberno alemán en resposta a unha pregunta escrita do Tribunal de Xustiza, as pensións de orfandade de que se trata seguiron abonándose trala adhesión do Reino de España ás Comunidades Europeas e a entrada en vigor do Regulamento, dado que as prestacións concedidas en virtude do Convenio bilateral eran máis favorables que as previstas polo devandito Regulamento.

27. A este respecto debe recordarse que, a teor do artigo 6 do Regulamento, este substitúe, tanto no seu ámbito de aplicación persoal coma no material e sen perjuiciode algunhas excepcións, a calquera convenio de seguridade social que vincule a dous ou máis Estados membros.

28. Así, no cuarto asunto principal, os dereitos á pensión de orfandade mantivéronse en Alemaña de conformidade co principio enunciado no apartado 29 da sentenza do 7 de febreiro de 1991, Rönfeldt (C-227/89, Rec. p. I-323), e nos apartados 38 a 45 da sentenza Gómez Rodríguez, antes citada, en virtude do cal un dereito a unha prestación máis favorable baseado nun convenio de seguridade social non se perde como consecuencia da entrada en vigor do Regulamento.

29. En tales circunstancias, o nacional afectado posúe, en efecto, un dereito adquirido ó mantemento da aplicación do devandito Convenio tras tal entrada en vigor (ver a sentenza do 5 de febreiro de 2002, Kaske, C-277/99, Rec. p. I-0000, apartado 26).

30. Noutros termos, se, no que se refire a unha vantaxe de seguridade social, o nacional dun Estado membro pode beneficiarse dun convenio celebrado entre dous Estados membros e se tal convenio lle favorece máis que un regulamento comunitario que pasou a aplicárselle posteriormente, adquire definitivamente o dereito que lle reconece o devandito convenio. Por conseguinte, no referente a unha prestación determinada, habida conta de que os períodos de seguro ou de emprego que constitúen o fundamento dos dereitos do interesado se cubriron, polo menos en parte, nunha época en que só era de aplicación un convenio bilateral, a situación global daquel ha de apreciarse á luz das disposicións do devandito convenio se este lle favorece (sentencia Kaske, antes citada, apartados 31 e 32).

31. Corresponde ó órgano xurisdiccional nacional apreciar se un interesado deduce efectivamente dun convenio de seguridade social un dereito adquirido a unha prestación máis favorable. De ser así, este dereito debe asimilarse a un dereito a unha prestación concedida unicamente en virtude da lexislación nacional do Estado membro no que se presenta a solicitude, como resulta do apartado 27 da sentenza Rönfeldt, antes citada.

32. Por conseguinte, procede responder ás dúas cuestións formuladas que os artigos 77, apartado 2, letra b), e 78, apartado 2,

letra b), do Regulamento, en relación co artigo 79, apartado 1, do mesmo Regulamento, deben interpretarse no sentido de que a institución competente dun Estado membro distinto do de residencia de titular dunha pensión ou dunha renda de vellez ou de invalidez ou do de residencia dos orfos dun traballador falecido non está obrigada a conceder ós interesados prestacións por fillos a cargo ou prestacións de orfandade cando non se cumpren ou deixaron de cumprirse os requisitos previstos pola lexislación do Estado membro de residencia para a concesión de tales prestacións e a lexislación do outro Estado membro non reconece por si soa tal dereito de titular da pensión ou da renda ou dos orfos do traballador falecido. Non obstante, nesta situación a institución competente do Estado membro distinto do de residencia pode estar obrigada a conceder as prestacións de que trata en virtude dun convenio de seguridade social celebrado entre os dous Estados membros afectados e que formaba parte das súas normativas nacionais antes da entrada en vigor do Regulamento, cando os interesados adquiriron un dereito ó mantemento da aplicación do devandito convenio despois de tal entrada en vigor.

Costas

33. Os gastos efectuados polos Gobernos alemán e español e pola Comisión, que presentaron observacións ante este Tribunal de Xustiza, non poden ser obxecto de reembolso. Dado que o procedemento ten, para as partes no litixio principal, o carácter dun incidente promovido ante o órgano xurisdiccional nacional, corresponde a este resolver sobre as costas.

En virtude de todo o exposto,

O Tribunal de Xustiza (Sala Sexta),

pronunciándose sobre as cuestións formuladas polo Sozialgericht Nürnberg mediante resolución do 22 de novembro de 1999, declara:

Os artigos 77, apartado 2, letra b), e 78, apartado 2, letra b), do Regulamento (CEE) n. 1.408/71 do Consello, do 14 de xuño de 1971, relativo á aplicación dos réximes de seguridade social ós traballadores por conta allea, ós traballadores por conta propia e ós membros das súas familias que se desprazan dentro da Comunida-

de, na súa versión modificada e actualizada polo Regulamento (CEE) n. 2001/83 do Consello, do 2 de xuño de 1983, en relación co artigo 79, apartado 1, do devandito Regulamento, deben interpretarse no sentido de que a institución competente dun Estado membro distinto do de residencia do titular dunha pensión ou dunha renda de vellez ou de invalidez ou do de residencia dos orfos dun traballador falecido non está obrigada a conceder ós interesados prestacións por fillos a cargo ou prestacións de orfandade cando non se cumpren ou deixaron de cumprirse os requisitos previstos pola lexislación do Estado membro de residencia para a concesión de tales prestacións e a lexislación do outro Estado membro non recoñece por si soa tal dereito do titular da pensión ou da renda ou dos orfos do traballador falecido. Non obstante, nesta situación a institución competente do Estado membro distinto do de residencia pode estar obrigada a conceder as prestacións de que trata en virtude dun convenio de seguridade social celebrado entre os dous Estados membros afectados e que formaba parte das súas normativas nacionais antes da entrada en vigor do Regulamento, cando os interesados adquiriron un dereito ó mantemento da aplicación do devandito convenio despois de tal entrada en vigor.

Pronunciada en audiencia pública en Luxemburgo, a 24 de setembro de 2002.

Sentencia do Tribunal de Xustiza (Sala Primeira) do 3 de outubro de 2002

«Regulamento (CEE) n. 1.408/71 - Artigos 1, letras r) e s), e 46, apartado 2 - Liquidación de dereitos a pensión - Períodos de seguro cumpridos

antes da data do feito causante - Períodos de cotización ficticios»

No asunto C-347/00,

que ten por obxecto unha petición dirixida ó Tribunal de Xustiza, conforme ó artigo 234 CE, polo Xulgado do Social n. 3 de Ourense, destinada a obter, no litixio pendente ante o devandito órgano xurisdiccional entre

Angel Barreira Pérez

e

Instituto Nacional da Seguridade Social (INSS),

Tesourería Xeral da Seguridade Social (TXSS),

unha decisión prexudicial sobre a interpretación dos artigos 1, letras r) e s), e 46, apartado 2, do Regulamento (CEE) n. 1.408/71 do Consello, do 14 de xuño de 1971, relativo á aplicación dos réximes de seguridade social ós traballadores por conta allea, ós traballadores por conta propia e ós membros das súas familias que se desprazan dentro da Comunidade, na súa versión modificada e actualizada polo Regulamento (CE) n. 118/97 do Consello, do 2 de decembro de 1996 (DON 1997, L 28, p. 1),

O Tribunal de Xustiza (Sala Primeira),

integrado polo Señor P. Jann, Presidente de Sala, e os Sres. M. Wathelet (Relator) e A. Rosas, Xuíces;

Avogado Xeral: Señor P. Léger;

Secretario: Señor H.A.-N. Rühl, administrador principal;

consideradas as observacións escritas presentadas e considerando o informe para a vista;

oídas as observacións orais do Señor Barreira Pérez, representado polo Señor A. Vázquez Conde; do Instituto Nacional da Seguridade Social (INSS), representado polo Señor A.J. Cea Ayala, avogado; do Goberno español, representado pola Señora L. Fraguas Gadea, en calidade de axente, e da Comisión, representada pola Señora I. Martínez del Peral, expostas na vista do 7 de marzo de 2002;

oídas as conclusións do Avogado Xeral, presentadas en audiencia pública o 6 de xuño de 2002;

dicta a seguinte

SENTENCIA

1. Mediante auto do 17 de xullo de 2000, recibido no Tribunal de Xustiza o 20 de setembro seguinte, o Xulgado do Social n. 3 de Ourense formulou, conforme ó artigo 234 CE, dúas cuestións prexudiciais sobre a interpretación dos artigos 1, letras r) e s), e 46, apartado 2, do Regulamento (CEE) n. 1.408/71 do Consello, do 14 de xuño de 1971, relativo á aplicación dos réximes de seguridade social ós traballadores por conta allea, ós traballadores por conta propia e ós membros das súas familias que se desprazan dentro da Comunidade, na súa versión modificada e actualizada polo Regulamento (CE) n. 118/97 do Consello, do 2 de decembro de 1996 (DON 1997, L 28, p. 1; a partir deste momento, «Regulamento n. 1.408/71»).

2. As devanditas cuestións suscitarónse no marco dun litixio entre o Señor Barreira Pérez e o Instituto Nacional da Seguridade Social (a partir deste momento, «INSS»), relativo á liquidación dos dereitos a pensión de xubilación do demandante en virtude da lexislación española.

Marco xurídico*Disposicións nacionais*

3. O artigo 161, apartado 1, letra b), da Lei Xeral da Seguridade Social, na súa versión modificada mediante Real Decreto Lexislativo n. 1/1994, do 20 de xuño (BOA n. 154, do 29 de xuño de 1994; a partir deste momento, «Lei Xeral da Seguridade Social»), supedita o nacemento do dereito á pensión de xubilación ó requisito de que se cumpra un período mínimo de cotización de quince anos, dos cales polo menos dous deben estar comprendidos dentro dos quince anos inmediatamente anteriores ó momento de causa-lo dereito.

4. A contía da pensión de xubilación depende do valor das cotizacións pagadas polo asegurado e da duración dos períodos cumpridos. Conforme ó artigo 163 da Lei Xeral da Seguridade Social, a contía determínase aplicando á respectiva base reguladora as seguintes porcentaxes:

- o 50% polos primeiros quince anos cotizados;

- o 3% por cada ano adicional de cotización, comprendido entre o décimo e o vixésimo(vixésimo), ámbolos dous incluídos, e

- o 2% por cada ano adicional de cotización a partir do vixésimo(vixésimo),

sen que a porcentaxe total aplicable á base reguladora poida supera-lo 100%.

5. O artigo 9, apartado 4, da Orde Ministerial do 18 de xaneiro de 1967, pola que se establecen normas para a aplicación e desenvolvo da prestación de vellez (BOA n. 22, do 26 de xaneiro de 1967; a partir deste momento, «Orde Ministerial»), precisa:

«Os anos de cotización de cada traballador determinaríanse de acordo cos períodos cotizados a este Réxime Xeral a partir do día 1 [de] xaneiro [de] 1967, incrementados, no seu caso, cos efectuados ós anteriores réximes de Seguro de Vellez e Invalidez e Mutualismo Laboral.

Os períodos de cotización ós anteriores réximes do Seguro de Vellez e Invalidez e Mutualismo Laboral computaríanse de acordo coas normas previstas na disposición transitoria segunda.»

6. Polo que respecta ós períodos de cotización anteriores ó 1 de xaneiro de 1967, a disposición transitoria segunda da Orde Ministerial establece, no seu apartado 3:

a) Tales cotizacións computaríanse tomando como base as efectivamente realizadas durante o período comprendido entre o] 1 [de] xaneiro [de] 1960 e [o] 31 [de] decembro [de] 1966, nun dos aludidos réximes ou en ámbolos dous, pero téndolos en conta unha soa vez cando se superpoñan.

b) Ó número de días cotizados no período a que se refire o apartado anterior sumarase, se é o caso, o número de anos e fraccións de ano que correspondan ó traballador, segundo a idade que teña cumprida no] 1 [de] xaneiro [de] 1967, na escala que a continuación se establece [...]

c) O número de días cotizados no período a que se refire o ap. a), incrementados, no seu caso, cos correspondentes á fracción de ano que resulte da aplicación da escala establecida no apartado precedente e cos cotizados no Réxime Xeral da Seguridade Social a partir de]] 1 [de] xaneiro [de] 1967, dividirase por 365, coa fin de determina-lo número de anos de cotización, dos que depende a porcentaxe da pensión, e a fracción de ano, se existise, asimilárase a un ano completo de cotización, calquera que sexa o número de días que comprenda.»

7. A escala mencionada atribúe ó traballador, en función da idade que tivese o 1 de xaneiro de 1967, un número de anos e de días de cotización que oscila entre 30 anos e 318 días (para un traballador de 65 anos) e 250 días (para un traballador de 21 anos).

8. Os devanditos anos e fraccións de ano non se teñen en conta para calculalo período de carencia de quince anos necesario para o nacemento do dereito á pensión de xubilación.

Normativa comunitaria

9. O artigo 1, letra r), do Regulamento n. 1.408/71 inclúe a seguinte definición:

«a expresión períodos de seguro designa os períodos de cotización, emprego ou de actividade por conta propia, tales como se definen ou admiten como períodos de seguro pola lexislación baixo a cal foron cubertos ou considéranse como cubertos, así como tódolos períodos asimilados na medida en que sexan recoñecidos por esta lexislación como equivalentes ós períodos de seguro».

10. Polo que respecta á definición de os «períodos de emprego» e de os «períodos de actividade por conta propia», o artigo 1, letra s), do mesmo Regulamento refírese nos mesmos termos á lexislación nacional conforme á cal os devanditos períodos se cubriran.

11. O artigo 45 do Regulamento n. 1.408/71, que forma parte do capítulo 3, titulado «Vellez e morte (pensións)», do título III do devandito Regulamento, consagra o principio da totalización dos períodos de seguro cumpridos conforme á lexislación de calquera Estado membro para a adquisición, conservación ou recuperación do dereito ás prestacións.

12. O artigo 46 do mesmo Regulamento establece as normas relativas á liquidación das pensións. Para o caso de que nun Estado membro o dereito ás prestacións só se xere mediante a totalización dos períodos de seguro ou de residencia cumpridos en dous ou máis Estados membros, o apartado 2 prevé:

«a) a institución competente calculará a contía teórica da prestación que o interesado podería obter no suposto de que tódolos períodos de seguro e/ou de residencia cumpridos de acordo coas diversas lexislacións dos Estados membros a que estivera sometido o traballador por conta allea ou por conta propia fosen cumpridos no Estado membro en que radique a institución de que se trate e de acordo coa lexislación que esta aplique na data en

que se liquide a prestación. Cando, conforme á devandita lexislación, a contía da prestación sexa independente da duración dos períodos cumpridos, dita contía será considerada como a contía teórica obxecto da presente letra;

b) a continuación, a institución competente determinará o importe efectivo da prestación, rateando a contía teórica sinalada na letra a) entre a duración dos períodos de seguro ou de residencia cumpridos antes da data do feito causante de acordo coa lexislación que esta aplica, en relación coa duración total dos períodos de seguro e de residencia cumpridos antes da data do feito causante de acordo coas lexislacións de tódolos Estados membros afectados».

Litixio principal

13. O Señor Barreira Pérez, de nacionalidade española, traballou en Alemaña e en España. En outubro de 1999, ós 65 anos de idade, solicitou unha pensión de xubilación conforme á lexislación alemá e española.

14. Ó cotizar 4.051 días en Alemaña entre xuño de 1963 e marzo de 1975, concedeuse no devandito Estado ó Señor Barreira Pérez unha pensión de xubilación autónoma, é dicir, sen que se tivesen en conta os períodos de seguro cumpridos conforme á lexislación española e, polo tanto, sen que se aplicasen as normas de totalización e rateo contidas no artigo 46, apartado 2, do Regulamento n. 1.408/71.

15. Sen embargo, para o nacemento do dereito a unha pensión española, foi necesario totalizar, conforme ó artigo 45 do Regulamento n. 1.408/71, os períodos de seguro cumpridos en Alemaña e en España no seu conxunto, debido a que os períodos cumpridos en España non abundaban para cubri-lo período de carencia de quince anos.

16. Así, os períodos de seguro cumpridos en España alcanzan os 5.344 días, ós que deben engadirse 3.005 días en concepto de cotización ficticia, que se computan en favor do interesado en función da idade que tiña o 1 de xaneiro de 1967, conforme ó disposto na disposición transitoria segunda, apartado 3, letra b), da Orde Ministerial.

17. Conforme ó artigo 46, apartado 2, letra a), do Regulamento n. 1.408/71, o INSS procedeu ó cálculo da contía teórica da presta-

ción, engadindo ós 9.395 días de cotización real cumpridos en España e en Alemaña (5.344 +4.051), os 3.005 días de cotización ficticia atribuídos ó interesado conforme á lexislación española, tal como se describe no apartado 16 da presente sentenza.

18. Non obstante, o INSS non tivo en conta o mencionado período de cotización ficticia para o cálculo da prestación rateada conforme ó artigo 46, apartado 2, letra b), do Regulamento n. 1.408/71. É dicir, non se sumou o devandito período ós 5.344 días de cotización cumpridos en España, que figuran no numerador, nin ós 9.395 días de cotización cumpridos en ámbolos dous Estados membros, recollidos no denominador do coeficiente polo que ha de multiplicarse a contía teórica da prestación de vellez para determinalo seu importe efectivo, de modo que o coeficiente empregado polo INSS era menos elevado que o que sería utilizado se se tivese en conta o período de cotización ficticia á hora de aplica-la regra do rateo.

19. Baseándose no anterior, o Señor Barreira Pérez interpuxo un recurso contra a decisión do INSS pola que se fixa a súa pensión de xubilación.

20. Ó estimar que a resolución do litixio principal require a interpretación do Dereito comunitario aplicable, o Xulgado do Social n. 3 de Ourense decidiu suspende-lo procedemento e formular ó Tribunal de Xustiza as dúas cuestións prexudiciais seguintes:

«1) ¿Debe interpretarse a disposición contida no artigo 1, letras r) e s), [do Regulamento n. 1.408/71] no sentido de que tamén teñen a consideración legal de períodos de seguro aqueles períodos de cotización equivalente non efectiva, que a lexislación nacional dun Estado membro admite como computable ós efectos de determina-lo número de anos de cotización, dos que depende a contía da pensión de vellez regulada na súa propia lexislación?

2) Para o caso de que se contestase afirmativamente á primeira cuestión, ¿debe interpretarse a disposición contida no artigo 46, apartado 2, letra b), [do mesmo Regulamento] no sentido de que a duración dos períodos de seguro ou de residencia cumpridos antes da data do feito causante de acordo coa lexislación que aplique a institución competente dun Estado membro abrangue tamén aqueles períodos de cotización ficticia correspondente a períodos anteriores á data do feito

causante, que, segundo a lexislación do devandito Estado membro, haxan de ser computados como períodos de cotización ós efectos de determina-la contía da pensión de vellez?»

Sobre a primeira cuestión

21. Mediante a súa primeira cuestión, o órgano xurisdiccional remitente desexa esencialmente que se dilucide se o artigo 1, letras r) e s), do Regulamento n. 1.408/71 debe interpretarse no sentido de que os períodos de bonificación como os previstos na lexislación española, que se atribúen, no marco da liquidación dos dereitos a pensión, para ter en conta dereitos causados conforme a anteriores réximes de seguro de vellez, xa derogados, deben considerarse períodos de seguro conforme ó devandito Regulamento.

22. A expresión «períodos de seguro», conforme á definición contida no artigo 1, letra r), do Regulamento n. 1.408/71, «designa os períodos de cotización, emprego ou de actividade por conta propia, tales como se definen ou admiten como períodos de seguro pola lexislación baixo a cal foron cubertos ou considéranse como cubertos, así como tódolos períodos asimilados na medida en que sexan recoñecidos por esta lexislación como equivalentes ós períodos de seguro».

23. Por conseguinte, dita definición abrangue os períodos de seguro determinados exclusivamente conforme á lexislación nacional e, en especial, os períodos asimilados por esta ós períodos de seguro, sen prexuízo, non obstante, da observancia dos artigos 39 CE e 42 CE.

24. A este respecto, dos autos despréndese que o recoñecemento dos períodos de bonificación previstos na disposición transitoria segunda, apartado 3, da Orde Ministerial ten por obxecto xeral salvagardar, en función da idade do beneficiario a 1 de xaneiro de 1967 e conforme a unha escala a prezo fixado prevista para tal efecto, os dereitos causados en virtude de antigos réximes de pensión que, doutro modo, o traballador perdería.

25. Se ben os devanditos períodos de bonificación non se teñen en conta á hora de calcula-lo período de carencia necesario para o nacemento do dereito á pensión de xubilación, si que se engaden ós períodos de seguro real para o cálculo do importe da pensión.

26. Nestas circunstancias, procede cualificar-los períodos de bonificación controvertidos no litixio principal de períodos de seguro no sentido do artigo 1, letra r), do Regulamento n. 1.408/71.

27. Por outro lado, o feito de que as autoridades competentes españolas tomen en consideración os períodos de bonificación controvertidos no litixio principal para calcular a contía teórica da pensión de xubilación, conforme ó artigo 46, apartado 2, letra a), do Regulamento n. 1.408/71, confirma esta interpretación.

28. En efecto, segundo esta última disposición, a contía teórica da prestación de vellez calcúlase coma se tódolos períodos de seguro e/ou de residencia cumpridos de acordo coas lexislacións dos Estados membros a que estivera sometido o traballador por conta allea ou por conta propia cumprísense no Estado membro de que se trate conforme á lexislación que a institución competente do devandito Estado membro aplique na data en que se liquida a prestación. Pois ben, para a aplicación do artigo 46, apartado 2, do Regulamento n. 1.408/71, é necesario remitirse á definición do concepto de período de seguro contida no artigo 1, letra r), do mesmo Regulamento (véase a sentenza de 9 de decembro de 1993, Lepore e Scamuffa, asuntos acumulados C-45/92 e C-46/92, Rec. p. I-6497, apartados 17 e 19). Tal como subliñou o Avogado Xeral no punto 39 das súas conclusións, se os períodos de bonificación controvertidos no litixio principal non se considerasen períodos de seguro, non procedería telos en conta para o cálculo da contía teórica.

29. En consecuencia, procede responder á primeira cuestión prexudicial que o artigo 1, letra r), do Regulamento n. 1.408/71 debe interpretarse no sentido de que os períodos de bonificación como os previstos na lexislación española, que se atribúen, no marco da liquidación dos dereitos a pensión, para ter en conta dereitos causados conforme a anteriores réximes de seguro de vellez, xa derogados, deben considerarse períodos de seguro conforme ó devandito Regulamento.

Sobre a segunda cuestión

30. Mediante a súa segunda cuestión, o órgano xurisdiccional remitente desexa esencialmente que se dilucide se o artigo 46,

apartado 2, letra b), do Regulamento n. 1.408/71 debe interpretarse no sentido de que os períodos de bonificación como os previstos na lexislación española, que se atribúen, no marco da liquidación dos dereitos a pensión, para ter en conta dereitos causados conforme a anteriores réximes de seguro de vellez, xa derogados, deben tomarse en consideración no cálculo do importe efectivo da pensión.

31. O INSS e o Goberno español observan que os períodos de bonificación controvertidos no litixio principal non poden, en canto tales, situarse cronoloxicamente. Sen embargo, posto que se engaden ós períodos de seguro real no momento en que se causa o dereito a pensión, deben considerarse posteriores á data do feito causante.

32. Nestas circunstancias, consideran necesario remitirse á sentenza do 26 de xuño de 1980, Menzies (793/79, Rec. p. 2085), na que o Tribunal de Xustiza declarou que o período complementario que a lexislación dun Estado membro engade ós períodos de seguro cumpridos antes do feito causante, coa fin de incrementar a prestación concedida en caso de invalidez ou de morte prematuras do asegurado, debe terse en conta para calcular a contía teórica considerada no artigo 46, apartado 2, letra a), pero non para calcular-lo importe efectivo a que se refire o artigo 46, apartado 2, letra b), do Regulamento n. 1.408/71.

33. O Goberno español engade que a equiparación dos períodos de bonificación controvertidos no litixio principal ós períodos de seguro para os efectos de calcular a pensión rateada española pode supoñer un grave desequilibrio económico e transformalo réxime de seguridade social español nun polo de atracción para os que busquen obter un notable aumento da súa pensión.

34. A este respecto, contrariamente ó que sosteñen o INSS e o Goberno español, procede considerar que os períodos de bonificación como os controvertidos no litixio principal son períodos de seguro cumpridos antes da data do feito causante conforme ó artigo 46, apartado 2, letra b), do Regulamento n. 1.408/71.

35. En efecto, tal como se desprende do apartado 24 da presente sentenza, o recoñecemento dos períodos de bonificación previstos na normativa transitoria española de que se trata no litixio principal ten precisamente por obxecto salvagardar dereitos causados en virtude de antigos réximes de seguro de vellez. En consecuencia, ditos períodos son

necesariamente anteriores ó cumprimento da idade de xubilación.

36. O feito de que os devanditos períodos non se atribúan ata o momento en que se liquidan os dereitos a pensión non contradí esta análise, posto que o mesmo sucede con calquera período de seguro real que se teña en conta no cálculo da contía teórica e do importe efectivo, conforme ó artigo 46, apartado 2, do Regulamento n. 1.408/71.

37. Así mesmo, o feito de que os períodos de bonificación controvertidos no litixio principal non poidan ser situados cronoloxicamente, de modo que poderían superpoñerse ós períodos de seguro cumpridos conforme á lexislación doutro Estado membro, non pode impedir que se tomen en consideración para o cálculo da pensión. En efecto, conforme ó artigo 15, apartado 1, letra e), do Regulamento (CEE) n. 574/72 do Consello, do 21 de marzo de 1972, polo que se establecen as modalidades de aplicación do Regulamento n. 1.408/71, na súa versión modificada e actualizada polo Regulamento n. 118/97, cando non se pode determinar de modo preciso en qué época se cubriron certos períodos de seguro ou de residencia baixo a lexislación dun Estado membro, dáse por suposto que eses períodos non se superpoñen ós períodos de seguro ou de residencia cubertos baixo a lexislación doutro Estado membro e téñense en conta na medida en que sexa útil computalos.

38. En consecuencia, procede considerar que, nun caso como o do asunto principal, en que os períodos de bonificación recoñecidos pola lexislación nacional aplicable son anteriores ó feito causante, estes períodos deben incluírse non só no cálculo da contía teórica, conforme ó artigo 46, apartado 2, letra a), do Regulamento n. 1.408/71, senón tamén no cálculo do importe efectivo da prestación, como indica expresamente, por outra parte, a expresión «períodos de seguro [...] cumpridos antes da data do feito causante» que aparece no artigo 46, apartado 2, letra b), do mesmo Regulamento (ver, neste sentido, a sentenza do 18 de febreiro de 1992, Di Prinzio, C-5/91, Rec. p. I-897, apartado 54).

39. A devandita circunstancia implica que, para o cálculo do importe efectivo, han de terse en conta tódolos períodos de cotización ficticia, como os períodos de bonificación controvertidos no litixio principal, anteriores ó feito causante, que se engadan ós períodos de

seguro real ou asimilados en virtude da lexislación que aplique a institución competente.

40. Polo demais, se non se tivesen en conta os períodos de bonificación controvertidos no litixio principal á hora de calcular o importe efectivo prexudicaría-se ó traballador que, ó igual que o Señor Barreira Pérez, exerceu o seu dereito á libre circulación e que, para a liquidación dos seus dereitos a pensión, ha de ver totalizados períodos de seguro cumpridos en dous ou máis Estados membros. En efecto, o interesado quedaría así privado da bonificación que se lle reconecería de efectuar toda a súa carreira ó amparo da lexislación do Estado membro competente, o que no presente caso conduciría, como afirma o órgano xurisdiccional remitente, a que o coeficiente utilizado no cálculo da prestación rateada se fixase en 0,5685 en vez de en 0,6733.

41. Pois ben, conforme a reiterada xurisprudencia, o obxectivo dos artigos 39 CE a 42 CE non se alcanzaría se, como consecuencia do exercicio do mencionado dereito, os traballadores comunitarios perdesen as vantaxes de seguridade social que lles concede a lexislación dun Estado membro. En efecto, esta consecuencia podería disuadir tales traballadores de exercita-lo seu dereito á libre circulación e constituiría, polo tanto, un obstáculo á devandita liberdade (ver, en particular, a sentenza do 15 de outubro de 1991, Faux, C-302/90, Rec. p. I-4875, apartado 27).

42. En consecuencia, procede responder á segunda cuestión prexudicial que o artigo 46, apartado 2, letra b), do Regulamento n. 1.408/71 debe interpretarse no sentido de que os períodos de bonificación como os previstos na lexislación española, que se atribúen, no marco da liquidación dos dereitos a pensión, para ter en conta dereitos causados conforme a anteriores réximes de seguro de velez, xa derogados, deben tomarse en consideración no cálculo do importe efectivo da pensión.

Sobre a limitación no tempo dos efectos da sentenza

43. O Goberno español solicita ó Tribunal de Xustiza que decida, no caso de que responda afirmativamente ás cuestións prexudiciais, que a sentenza non teña efectos retroactivos, alegando que as devanditas respostas poderían supoñer un grave desequilibrio económico para o réxime de seguridade social

nacional. Precisa que os que cotizaran entre 1960 e 1966 nun Estado membro poden obter un notable aumento da pensión á que teñen dereito en España.

44. A este respecto, debe recordarse a xurisprudencia do Tribunal de Xustiza segundo a cal a interpretación que, no exercicio da competencia que lle confire o artigo 234 CE, fai dunha norma de Dereito comunitario aclara e precisa o significado e o alcance da devandita norma, tal como debe ou debería ser entendida e aplicada dende o momento da súa entrada en vigor. Diso resulta que a norma que foi interpretada pode e debe ser aplicada polo xuíz mesmo a relacións xurídicas nadas e constituídas antes da sentenza que resolva sobre a petición de interpretación, se ademais se reúnen os requisitos que permiten someter ós órganos xurisdiccionais competentes un litixio relativo á aplicación da devandita norma (ver, en particular, a sentenza do 4 de maio de 1999, Sürül, C-262/96, Rec. p. I-2685, apartado 107).

45. Só con carácter excepcional pode o Tribunal de Xustiza, aplicando o principio xeral de seguridade xurídica inherente ó ordenamento xurídico comunitario, verse inducido a limita-la posibilidade de que os interesados invoquen unha disposición que interpretara co fin de cuestionar relacións xurídicas establecidas de boa fe (sentencia Sürül, antes citada, apartado 108).

46. No presente caso, con independencia da amplitude e da duración das repercusións financeiras negativas para o sistema de seguridade social nacional, alegadas polo Goberno español, debe sinalarse que dende a sentenza Di Prinzi, antes citada, que, polo demais, non contén limitación ningunha dos seus efectos no tempo, a interpretación do artigo 46, apartado 2, letra b), do Regulamento n. 1.408/71, polo que respecta ós requisitos para a inclusión dos períodos de seguro ficticio no cálculo da prestación rateada, non formulaba unha inseguridade xurídica tal que puidese inducir ós sectores afectados a formarse unha idea totalmente equivocada acerca do alcance do Dereito comunitario. Ademais, sobre as disposicións do artigo 1, letras r) e s), do Regulamento n. 1.408/71, que, tal como se desprende do apartado 23 da presente sentenza, remíten-se expresamente á lexislación nacional, recaeu unha antiga e reiterada xurisprudencia.

47. En consecuencia, non procede limitar no tempo os efectos da presente sentenza.

Costas

48. Os gastos efectuados polo Goberno español e pola Comisión, que presentaron observacións ante este Tribunal de Xustiza, non poden ser obxecto de reembolso. Dado que o procedemento ten, para as partes do litixio principal, o carácter dun incidente promovido ante o órgano xurisdiccional nacional, corresponde a este resolver sobre as costas.

En virtude de todo o exposto,

O Tribunal de Xustiza (Sala Primeira),

pronunciándose sobre as cuestións formuladas polo Xulgado do Social n. 3 de Ourense mediante auto do 17 de xullo de 2000, declara:

1) O artigo 1, letra r), do Regulamento (CEE) n. 1.408/71 do Consello, do 14 de xuño de 1971, relativo á aplicación dos réximes de seguridade social ós traballadores por conta allea, ós traballadores por conta propia e ós membros das súas familias que se desprazan dentro da Comunidade, na súa versión modificada e actualizada polo Regulamento (CE) n. 118/97 do Consello, do 2 de decembro de 1996, debe interpretarse no sentido de que os períodos de bonificación como os previstos na lexislación española, que se atribúen, no marco da liquidación dos dereitos a pensión, para ter en conta dereitos causados conforme a anteriores réximes de seguro de vellez, xa derogados, deben considerarse períodos de seguro conforme ó devandito Regulamento.

2) O artigo 46, apartado 2, letra b), do Regulamento n. 1.408/71, na súa versión modificada e actualizada polo Regulamento n. 118/97, debe interpretarse no sentido de que os períodos de bonificación como os previstos na lexislación española, que se atribúen, no marco da liquidación dos dereitos a pensión, para ter en conta dereitos causados conforme a anteriores réximes de seguro de vellez, xa derogados, deben tomarse en consideración no cálculo do importe efectivo da pensión.

Pronunciada en audiencia pública en Luxemburgo, a 3 de outubro de 2002.